

***AS CONFRARÍAS RELIXIOSAS NA FREGUESÍA DE SANTIAGO DE ILLÁN  
(BEGONTE) (DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL), NOS SÉCULOS XIX E XX***

Publicado en Estudios Mindonienses. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, nº 11, 1995.

**AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

## **I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA FREGUESÍA DE SANTIAGO DE ILLÁN.**

A freguesía de Illán está situada á beira oeste do río Ladra, nunha zona con relevo irregular, regatos e lagoas naturais, que pertencen ao espazo natural das zonas húmedas da Terra Chá (Parga-Ladra-Támoga). Cómpre sinalar as lagoas de Riocaldo. Nesta contorna hai vestixios de cultura megalítica, reflecida nas medorras do Peno Castelo e Pena Maior. Ademais, é mester sinalar o artesado de madeira, construído por artesáns da parroquias, para o interior da igrexa parroquial. Segundo o I.N.E.<sup>1</sup> do ano 2019 esta freguesía posuía unha poboación de 110 habitantes.

Dende unha óptica eclesiástica esta freguesía pertence ao arciprestado de Begonte e á diocese de Mondoñedo-O Ferrol. No obstante, dende unha perspectiva civil esta comunidade eclesial, forma parte do municipio de Begonte; do partido xudicial de Vilalba; e da provincia de Lugo. Este municipio, situado na parte occidental da provincia de Lugo, posúe unha superficie de 126,8 km<sup>2</sup>. Nela vive, segundo o I.G.E.<sup>2</sup> do ano 2019, unha poboación de 3026 habitantes, distribuída en 19 parroquias<sup>3</sup>. As súas principais entidades de poboación son Begonte, capital municipal, e Baamonde. Os seus lindes son: ao Norte, cos municipios de Cospeito, Rábade, Guitiriz e Vilalba; ao Sur, cos de Friol e Outeiro de Rei; ao W., co de Guitiriz; e ao Leste, cos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais, este territorio está comunicado pola autovía A-6 e a N-VI, coas que empata a A-8 (Autovía da Costa). Así mesmo, a liña do ferrocarril Palencia- A Coruña, ten neste municipio dúas estacións: as de Baamonde e Begonte. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km<sup>2</sup>, sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Castro de Rei; Cospeito; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; Vilalba; e Xermade, que constitúen co municipio de Outeiro de Rei os lindeiros do de Begonte.

---

<sup>1</sup> Instituto Nacional de Estadística.

<sup>2</sup> Instituto Galego de Estadística.

<sup>3</sup> Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Saavedra (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Pacios (San Martiño), Pena (San Vicente), Santalla de Pena (Santalla), Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo), Viris (Santa Elena)..

## II. AS CONFRARIAS RELIXIOSAS DA FREGUESÍA DE SANTIAGO DE ILLÁN (BEGONTE).

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos, que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá, das festas do Señor, da Virxe, dos santos.... ***"Las cofradías con asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente con el culto a determinadas imágenes o advocaciones"***<sup>4</sup>.

***"La cofradía es la mediación fundamental para la animación y cristalización de las grandes devociones populares"***<sup>5</sup>.

Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica: ***"....son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica"***<sup>6</sup>. Na confraría lévanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. ***"La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario"***<sup>7</sup>.

A confraría pode chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. Nese caso a festa principal simbolizará o conxunto da comunidade mesma fronte ao mundo exterior. ***"Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad"***<sup>8</sup>.

As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Así, o código dado por D. Alfonso X á terra de Santiago no ano 1252, di entre outras cuestións o seguinte: ***" Otrossi***

---

<sup>4</sup>. ESCALERA REYES, Javier.- ***"La religiosidad popular. III. HERMANDADES, ROMERIAS Y SANTUARIOS. "HERMANDADES, RELIGION POPULAR Y PODER EN ANDALUCIA". C. ALVAREZ SANTALO, MARIA XESUS BUXO y S.RODRIGUEZ BECERRA (COORDS.). Anthropos. Barcelona. 1989, páx. 459.***

<sup>5</sup>. MALDONADO, Luis.- ***PARA COMPRENDER EL CATOLICISMO POPULAR. COFRADIAS Y HERMANDADES. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990, páx..87.***

<sup>6</sup>. ESCALERA REYES, Javier.- ***Ob. cit***, páx. 460.

<sup>7</sup>. MALDONADO, Luis.- ***Ob. cit***, páx.. 87.

<sup>8</sup>. PITT RIVERS, Julián.- ***"L'identité locale vue à travers la fiesta". Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos. Universidad Complutense. Madrid. 1986, páx.13.***

***mando que non fagan confrarías, nin iures males, nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos***"<sup>9</sup>.

Deste xeito as confrarías tiñan inicialmente como fins básicos: adicarse aos necesitados, enterrar aos mortos e iluminar o recinto eclesial cando había cultos levados a cabo pola confraría.

En Galicia as confrarías son abertas e verticais; son abertas, xa que a persoa que o desexe pode pertencer a elas sempre que execute os estatutos da asociación; son verticais, xa que en cada unha dela intégranse persoas pertencentes a distintas capas sociais <sup>10</sup>.

Normalmente unha persoa pertence a unha confraría ben pola tradición familiar, pola amizade con algún membro delas, pola residencia etc. Isto motiva que calquera persoa poda ser membro de varias confrarías, aínda que algunha delas non teña a residencia do confrade.

Na freguesía de Santiago de Illán houbo dende antano as seguintes confrarías:

- **A CONFRARÍA DA VIRXE DO ROSARIO.**
- **A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO.**

### ***1ª. A CONFRARÍA DA VIRXE DO ROSARIO.***

Esta confraría foi fundada o 13 de abril do ano 1856 por D. Pedro Teixeira, lector teólogo da Sagrada Orde de Predicadores, sendo párroco D. José Gesto.

***"En la Parroquia de Santiago de Illán á trece días del mes de Abril año de mil ochocientos cincuenta y seis..... Yo D. Fr. Pedro Teixeira, lector teólogo del Sgado. Orden de predicadores profesor y doctor en sagrada teología del gremio y claustro de la universidad de Valladolid..... con comisión especial del muy R. P. Fr. Antonio, Vicario general de esta***

<sup>9</sup>.LOPEZ FERREIRO, Antonio.- *Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra*. T.I. Santiago. 1985, pg.359.

<sup>10</sup>.En Andalucía hainas tamén pechadas e horizontais.

*provincia de España, orden de predicadores por hallarse actualmente suprimido el convento de Sto. Domingo de la mencionada ciudad de Lugo; por cuando el Sr. D. José Gesto, párroco propio de esta feligresía de Santiago de Illán, diócesis de la ciudad de Mondoñedo, y sus vecinos han podido y obtenido del Reverendo Padre Maestro general del Orden de Predicadores Fr. Juan Genis las letras de la fundación de la Cofradía del Rosario y la licencia del Sr. Gobernador Eclesiástico sede vacante de dicha ciudad y Obispado de Mondoñedo, usando de las licencias referidas vine a esta parroquia de Illán, y habiendo tenido sermón, que informé de la utilidad y excelencia de la devoción del Stmo. Rosario, fundé su Cofradía en la Iglesia de esta dicha parroquia de Illán en la que señalé por Altar o Capilla de esta cofradía el Altar mayor de dicha Iglesia. Asimismo declaré al Párroco y vecinos de esta repetida parroquia..... de que si el orden de Predicadores llegase en algún tiempo a tener convento en esta Parroquia, desde luego y desde ahora para entonces se entienda trasladada y fundada en el dicho Convento esta cofradía según el Reberendisimo Padre Maestro General lo dispone en las letras de fundación, la cual condición todos los mencionados dijeron que admitían y admitieron. Advertí tambien que ninguna persona de esta parroquia, sino solamente el Párroco, que por tiempo fuese, tiene la facultad de admitir en este cofradía a los fieles y que éstos ninguna obligación tienen a dar cosa alguna por ser admitidos en ella. Igualmente advertí que todos los Cofrades del Rosario estan admitidos por los Reverendisimos padres maestros generales del Orden de Predicadores a la especial participación de todas las buenas obras, a saber, sacrificios, oraciones, limosnas, ayunos etc..... Últimamente para manifestar con el hecho la fundación de esta cofradía hice solemne procesión....." <sup>11</sup>.*

Os confrades pagaban inicialmente aos contadores da confraría unha cota en especie, non especificándose no libro da asociación, a cuantía individual, aínda que si a colectiva. Esta tarxa pagábanna entre os meses de Agosto e Setembro.

*"Así mismo es cargo seiscientos diez y siete reals. y medio que produgeron en venta, veinte y tres fanegas y tres ferrados de centeno qe se remataron a veinte y seis reales fanega,*

---

<sup>11</sup>.Confraría da Virxe do Rosario. Feligresía de Santiago de Illán. Acto de fundación da confraría do Rosario. Ver Anexo.

***procedentes de las tarjas de cofrades recojidas en Agosto y Setiembre del presente periodo de la cuenta de mil ochocientos cincuenta y nueve a sesenta*"<sup>12</sup>.**

Esta cota en especie poxábase entre fregueses da parroquia de Illán, moitos deles pertencentes á confraría.

***".....Doce fanegas y nueve cuartos de centeno, rematados en pública subasta a José Martul de Illán y su padre Vicente a precio de cincuenta y cuatro reales y medio fanega"*<sup>13</sup>.**

Na poxa podían participar mesmo persoas ligadas á administración da confraría.

***"....Y por último son cargo noventa y siete pesetas y cincuenta centimos, importe de siete fanegas y dos ferrados de centeno a que ascendieron las tarjas de la Cofradía en el año de mil novecientos tres y fueron rematados en pública subhasta al precio de cincuenta y dos reales fanega al referido mayordomo Antonio Rouco...."*<sup>14</sup>.**

A partir do ano 1906, algúns confrades empezaron a pagar a cota en metálico. De todos os xeitos, a maior parte deles seguía pagándoa en especie.

***"....Iten son cargo de dos pesetas importe de las tarjas de tres cofrades que las pagaron en metálico"*<sup>15</sup>.**

A finais do primeiro tercio do século vinte, a cota en metálico empezou a aumentar en detrimento da tarxa en especie.

***"....Tarjas cobradas a los cofrades, en metálico 89 ptas..."*<sup>16</sup>.**

A partir dos anos corenta as tarxas xa se empezaron a pagar únicamente en metálico.

***"....Quinientas treinta y dos pesetas, corenta cts. de tarjas del año"*<sup>17</sup>. ***".....Reunido de cuotas anuales de los Cofrades 1015 ptas.."*<sup>18</sup>.****

---

<sup>12</sup>.Confraría da Virxe do Rosario. Feligresía de Santiago de Illán. Contas do ano 1859-60.

<sup>13</sup>.Ibidem. Contas do ano 1872-73.

<sup>14</sup>.Ibidem. Contas do ano 1903.

<sup>15</sup>.Ibidem. Contas do ano 1906.

<sup>16</sup>.Ibidem. Contas do ano 1934.

<sup>17</sup>.Ibidem. Contas do ano 1944.

<sup>18</sup>.Ibidem. Contas do ano 1960.

Ata os anos vinte deste século a confraría tivo un mordomo e dous contadores pertencentes a parroquia de Illán, sendo os iniciadores D. Pedro Sanjurjo, como mordomo, e D. Antonio Sanjurjo e D. Ánxel Blanco, como contadores.

O mordomo tiña como función encargarse da administración da confraría, mentres que os contadores recadaban as tarxas que aportaban os confrades.

**" ... Yo, D. Manuel Ferreiro, Pbro, coadjutor de las parroquias de Santiago de Illán y S. Julián de Gaibor.... asistí a tomar y formar las cuentas de la cofradía..... al Mayordomo de la misma D. Pedro Sanjurjo, con asistencia de los contadores D. Antonio Sanjurjo y Angel Blanco, vecinos de la parroquia de Illán.... "**<sup>19</sup>.

Tanto o mordomo como os contadores recibían unha paga pola súa labor na devandita confraría.

**"...Igualmente lo son siete pesetas y cincuenta ctmos., satisfechos por el premio de cobranza y administración de las tarjas recaudadas de los cofrades "**<sup>20</sup>.

A partir dos anos vinte deste século seguía habendo unha persoa, que se adicaba a administrar a confraría; a recadar as cotas dos confrades e asistir aos enterros. Esta persoa recibiu a través dos anos os nomes de **mordomo; sancristán-mordomo; cobrador; sancristán; cobrador de tarxas; cobrador de cotas.**

Pola labor que levaba a cabo na confraría pagábanlle unha remuneración económica, que ía variando no transcurso dos anos.

**"....Diez y seis ptª al Mayordomo por su asistencia a los actos y entierros. Al mismo por recolección de tarjas, diez y siete ptª.... "**<sup>21</sup>.

**"....Al Sancristán-Mayordomo, por actos mensuales, entierros, tarjas que cobró, conducción etc, 26 ptas 70 cts.... "**<sup>22</sup>.

**"....Al cobrado de cuotas, 40 ptas.... "**<sup>23</sup>.

---

<sup>19</sup>.*Confradía da Virxe do Rosario. Freguesía de Santiago de Illán.* Contas do ano 1859-60.

<sup>20</sup>.*Ibidem.* Contas do ano 1894-95.

<sup>21</sup>.*Ibidem.* Contas do ano 1929.

<sup>22</sup>.*Ibidem.* Contas do ano 1932.

<sup>23</sup>.*Ibidem.* Contas do ano 1961.

As tarxas aportadas polos confrades permitían ao mordomo ou ao director da confraría levar a cabo unha serie de actos litúrxicos; así como aportar unha cantidade de cera aos confrades defuntos.

#### **\* ACTOS LITÚRXICOS.**

1º. Celebración dun acto relixioso a primeiros do mes de outono, correspondente á festividade da Virxe do Rosario.

*"... Setenta y una pesetas de la función solemne.. "*<sup>24</sup>.

*"... De la función solemne del Rosario y demás intenciones 150 ptas "*<sup>25</sup>.

Algún ano a función dedicada á Virxe do Rosario foi ofrecida por algún devoto.

*".... Este año un devoto abonó el importe de la función del Rosario "*<sup>26</sup>.

2º. Celebración dun acto relixioso os primeiros domingos de cada mes, na honra dos confrades vivos e defuntos.

3º. Celebración dun funeral por cada confrade defunto.

Os cregos que participaban nestes actos recibían unha aportación económica pola súa tarefa.

*".... Se abonó a los Capellanes por asistir a los actos mensuales y entierros de la Cofradía (con misa a siete pesetas y sin misa a tres pesetas), ciento ochenta y dos pesetas "*<sup>27</sup>.

*".... De siete actos fúnebres por 7 cofrades fallecidos, 505 ptas. De doce misas mensuales por todos los cofrades difuntos 300 ptas... "*<sup>28</sup>.

*".... De doce misas mensuales por todos los Cofrades difuntos e intenciones y obligaciones*

---

<sup>24</sup>. Ibidem. Contas do ano 1947.

<sup>25</sup>. Ibidem. Contas do ano 1961.

<sup>26</sup>. Ibidem. Contas do ano 1959. Ver Anexo.

<sup>27</sup>. Ibidem. Contas do ano 1931. Ver Anexo.

<sup>28</sup>. Ibidem. Contas do ano 1959. Ver Anexo.

*de los vivos 300 ptas...*"<sup>29</sup>.

**\* ACHEGA DE CERA.-**

1º. A familia do confrade defunto recibía de seis a doce fachas de cera para o seu enterro.

*"..... También son data ciento sesenta y ocho reales que costaron doce libras de cera blanca en seis fachas..."*<sup>30</sup>.

*".... Desde la fecha la cera de la cofradía se compondrá de doce hachas en la asistencia al entierro de cada cofrade"*<sup>31</sup>.

2º. Ademais recibía unha serie de velas para alumear ao confrade defunto en corpo presente.

*"... Y lo son dos pesetas cincuenta ctms. que costó una libra de cera en velas para alumbrar a los cofrades de cuerpo presente"*<sup>32</sup>.

Á parte destes gastos anuais, esporadicamente había uns gastos relacionados co mobiliario relixioso. Así, no ano 1951 adquiriuse unha nova imaxe da Nosa Sra. do Rosario, construída en Santiago por D. Xosé Rivas. O seu importe foi de tres mil setecentas ptas, que foi saldado polas donacións feitas por todos os fregueses da parroquia.

A confraría desde o seu inicio sempre tivo beneficios ata os anos 82-84 do século XX. Estes beneficios, ata finais do século XIX, ficaban en poder dalgúns confrades, que tiñan postos de responsabilidade na confraría. A partir de principios do século actual os beneficios ficaban en poder do párroco, e algúns anos tamén en poder da administración diocesana de depósitos parroquiais.

*".... Rendidas las cuentas en la forma que antecede, resulta una diferencia de tres mil doscientas sesenta y ocho ptas, de cuya cantidad remanente, 2600 están en la Administración*

<sup>29</sup>. Ibidem. Contas do ano 1960.

<sup>30</sup>. Ibidem. Contas do ano 1874-75.

<sup>31</sup>. Ibidem. Contas do ano 1906.

<sup>32</sup>. Ibidem. Contas do ano 1884.

*Diocesana de Depósitos parroquiales y las 668 ptas. restantes están en mi poder (párroco).. "33.*

A partir do ano 82 a confraría empezou a ter déficit debido entre outras razóns a que se produxera un desaxuste entre as aportacións dos confrades e o nivel de vida existente, o que motivou que a confraría fose desaparecendo dunha maneira oficial.

*"...Verificadas las cuentas en la forma precedente resulta una diferencia déficit de 441 ptas..."34.*

*"Cuentas de la Cofradía del Rosario de Illán durante el año 1959.*

#### **INGRESOS PTAS**

*Tres mil ciento veintiseis ptas. es*

*la existencia de la cuenta anterior..... 3126*

*De cuotas anuales de los Cofrades..... 992*

*De cuotas de entrantes..... 14*

*Suman los ingresos..... 4198*

#### **GASTOS**

*De siete actos fúnebres por 7 cofrades fallecidos..... 505*

*De doce misas mensuales por todos los Cofrades difuntos.. 300*

*Por llevar estandarte y cera a los entierros..... 85*

*Al cobrador de cuotas.....40*

*Suman los gastos..... 930*

*Rendidas las cuentas en la forma que antecede resulta una diferencia de tres mil doscientas sesenta y ocho ptas. de cuya cantidad remanente, 2600 ptas, están en la Administración Diocesana de Depósitos parroquiales y las 668 ptas. restantes están en mi poder.*

*Para que conste lo firmo a 31 de Diciembre de 1959.*

*Ramón Díaz Pichin " 35.*

<sup>33</sup>. Ibidem. Contas do ano 1959. Ver Anexo.

<sup>34</sup>. Ibidem. Contas dos anos 82-84.

<sup>35</sup>. Confraría da Virxe do Rosario. Freguesía de Santiago de Illán. Contas de Confraría do Rosario de Illán no

## **2. A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO.**

Segundo os libros parroquiais non se sabe a data de fundación desta confraría. Nunha gran parte do século XIX cada matrimonio pagaba de tarxa dous reais, mentres que os viuvos e célibes aportaban un real. A confraría estaba administrada por un mordomo, que tiña as seguintes funcións:

1ª. Poñía seis fachas nos enterros dos confrades, que pagaban regularmente a cota. Os membros da familia, que non pagaban, non tiñan dereito a elas.

2ª. Facía a función solemne do Santísimo.

3ª. Daba doce velas aos confrades, que acompañaban alumando ao Viático.

Desde finais do século XIX a confraría foi decaendo paseniño ben por unha mala administración dos sucesivos mordomos ou por morosidade de moitos confrades.

Ante esta situación, no ano 1906 o párroco D. Bernardino Campo e Copa solicitou do Bispado de Mondoñedo facer un novo Regulamento, que fose mais axeitado a todos os confrades.

***"He ordenado y dispuesto el Reglamento que acompaña, y seguidamente convoqué a los cabezas de familia, los que interesados de todo lo que en él se expresa, todos unánimemente sin excepción, lo aceptaron gustosos"'***<sup>36</sup>.

O Bispado de Mondoñedo aceptou o Regulamento proposto polo párroco D. Bernardino Campo e Copa o 23 de outono de 1906.

***"Mondoñedo 23 de Octubre de 1906.***

***Teniendo en cuenta las razones que expone el Sr. Cura párroco de Santiago de Illán y S. Julián de Gaibor en las dos precedentes solicitudes, venimos en aprobar, como por los presentes aprobamos en cuanto haya lugar ese derecho, las anteriores modificaciones de los Estatutos de la Cofradía del Santísimo Sacramento, existente en ambas parroquias mencionadas, y ordenamos que se obseven los Estatutos á lo sucesivo según están redactados***

---

***ano 1959.***

<sup>36</sup>.Confraría do Santísimo. Freguesía de Santiago de Illán. Regulamento da devandita confraría. Ano 1906.

***en el regulamento precedente. Así lo decreto y fima el M. J. Sr. Vicario Capitular....***"<sup>37</sup>.

A partir deste ano cada cabeza de familia pagaba normalmente de cota medio ferrado de centeo ao ano.

***"Cada vecino pagará de tarja medio ferrado de centeno cada año...."***<sup>38</sup>.

Os veciños moi pobres pagaban de cota a cuarta parte dun ferrado, e tiñan dereito a media cera.

***"El vecino que quiera media cera, pagará la cuarta parte de un ferrado y tendrá los mismos derechos que los de la cera entera relativamente, pero a ningún vecino se le admitirá pagar media cera, a no ser que sea tan pobre que no tenga ni pueda mantener una cabeza de ganado vacuno"***<sup>39</sup>.

No obstante, na práctica os confrades -ata finais do primeiro tercio deste século- pagaban a cota en especie e metálico.

***"... Item, setenta y cinco pesetas que importan quince ferrados de centeno reunido de tarjas y vendido a cinco ptas. uno. Item. cuarenta y cuatro ptas, que importaron las tarjas en metálico de veintidos cofrades...."***<sup>40</sup>.

A partir dos anos trinta os confrades empezaban a pagar a cota só en metálico.

***"... Ciento treinta y cinco pesetas, cincuenta céntimos de las tarjas de los cofrades..."***<sup>41</sup>.

***"... Cobrado de cuotas 235 ptas"***<sup>42</sup>.

Os confrades que deixaban de pagar a cota durante tres anos consecutivos, perdían a súa condición de membros da asociación.

***"El que en tres años consecutivos deje de pagar su tarja, perderá el derecho de ser cofrade..."***<sup>43</sup>.

---

<sup>37</sup>. *Confraría do Santísimo. Feligresía de Santiago de Illán. Resposta do bispado de Mondoñedo ante a solicitude feita polo párroco da devandita feligresía D. Bernardino Campo e Copa.*

<sup>38</sup>. *Confraría do Santísimo. Feligresía de Santiago de Illán. Artículo 1.*

<sup>39</sup>. *Ibidem. Artículo 2.*

<sup>40</sup>. *Ibidem. Contas do ano 1927.*

<sup>41</sup>. *Ibidem. Contas do ano 1932.*

<sup>42</sup>. *Ibidem. Contas do ano 1951.*

<sup>43</sup>. *Ibidem. Artículo 12.*

A confraría tamén tiña como ingreso permanente a esmola que se recollía no "petitorio" en todo o ano.

***"... Item ocho pesetas y setenta y cinco céntimos que reunió la caja del petitorio..."<sup>44</sup>.***

***"... De limosnas.... 94 ptas.."<sup>45</sup>.***

A partir dos anos setenta a confraría ingresaba algunhas rendas de terras deixadas por algún confrade ou fregués para culto ao Santísimo.

***"... Importe de la renta por el total del prado llamado "Rego de Riba" que lleva Ramón López Díaz, dejado por Antonio Lordo para culto al Santísimo..."<sup>46</sup>.***

A confraría, nun principio, estaba administrada por unha xunta directiva formada por cinco cabezas de familia, nomeadas ou reelixidas cada catro anos. Tiñan como función facer as contas co párroco ao remate do ano, e anotar os acordos, que fosen convenientes.

***"Cada cuatro años serán nombrados o reelegidos cinco cabezas de familias que formarán la junta...."<sup>47</sup>.***

Todos os anos dous veciños da parroquia, casados nese ano e dunha idade non superior aos sesenta anos, eran os encargados de recoller as cotas dos confrades.

***"Cada año serán colectores de las tarjas de los cofrades en cada parroquia dos vecinos, de los que se hayan casado desde primero de septiembre, a treinta y uno de Agosto, y no excedan de sesenta años...."<sup>48</sup>.***

Os encargados desta tarefa recibían unha remuneración en metálico polo seu labor.

***"Cinco por cien de gratificación al recaudador de las tarjas, ocho pesetas..."<sup>49</sup>.***

***"Abonado al cobrador de tarjas veinticinco ptas..."<sup>50</sup>.***

---

<sup>44</sup>. Ibidem. Contas do ano 1923.

<sup>45</sup>. Ibidem. Contas do ano 1960.

<sup>46</sup>. Ibidem. Contas do ano 1973.

<sup>47</sup>. Ibidem. Artículo 7.

<sup>48</sup>. Ibidem. Artículo 8.

<sup>49</sup>. Ibidem. Contas do ano 1930.

<sup>50</sup>. Ibidem. Contas do ano 1945.

Co importe das cotas e da esmola recollida no "petitorio" en todo o ano, o rector ou rectores da confraría pagaban unha serie de actos litúrxicos; a cera, que tiña varias aplicacións: e outras cargas.

#### **\* ACTOS LITÚRXICOS.**

1º. Función do Corpus, na que interviñan normalmente seis ou sete cregos.

*"... Idem diez y ocho pesetas de la función del Corpus con seis sacerdotes"*<sup>51</sup>.

*"... Es data veintisiete pesetas que importó la función de Corpus con la asistencia de siete sacerdotes...."*<sup>52</sup>.

2º. Unha ou dúas funcións fúnebres polos confrades defuntos.

*"... Item veinte pesetas satisfechas a seis sacerdotes por una función fúnebre aplicada por los difuntos de la cofradia"*<sup>53</sup>.

A función do Corpus empregábase algúns anos non só polos confrades defuntos, senon tamén por outras intencións que tiveran os devotos e asociados a confraría.

*"... De la función del Corpus por los difuntos, asociados y devotos a sus intenciones...."*<sup>54</sup>.

3º. A partir da segunda metade deste século empezou a celebrarse unha función relixiosa os nove primeiros venres de mes, adicada ao Sagrado Corazón de Xesús.

*"... Por razón de los 9 primeros viernes de mes al S. Corazón de Jesús, 25 ptas..."*<sup>55</sup>.

#### **\* APLICACIÓNS DA CERA.**

A cera tiña varios usos:

---

<sup>51</sup>. Ibidem. Contas do ano 1912.

<sup>52</sup>. Ibidem. Contas do ano 1925.

<sup>53</sup>. Ibidem. Contas do ano 1919.

<sup>54</sup> Ibidem. Contas do ano 1974.

<sup>55</sup>. Ibidem. Contas do ano 1957.

1º. Empregábase para levar o Viático aos enfermos.

***".... Será cargo el alumbrado de los Viáticos para todas las personas que lo acompañen, sobre todo habrá luces para repartir entre los cabezas de familia, y para los menores, según tenga de fondos la cofradía..."<sup>56</sup>.***

***".... Dos kilos de cera para administraciones del viático, cuatro pesetas con cincuenta céntimos...."<sup>57</sup>.***

2º. Usábase no enterro e no cabodano non só dos confrades defuntos e as súas familias, senón tamén daquelas persoas que, non pertencendo a confraría, pagaban unha cota económica que variaba segundo foran fregueses ou non.

Así a persoa que -non sendo confrade e fregués- quería a cera, pagaba cinco ptas. no enterro e tres no cabodano.

Se era fregués, pagaba todas as cotas atrasadas desde a data, na que foi constituído o novo Regulamento (1906), mais tres pesetas de multa para fins da confraría.

***"Cada vecino tendrá derecho ... .a la cera entera en su entierro y cabodaño"<sup>58</sup>.***

***"El cabeza de familia tendrá cera paga para todos los que viven en su compañía..."<sup>59</sup>.***

***"El que no sea cofrade y quiera la cera de esta cofradía, dentro de la parroquia, no fuera, sino es feligrés, pagará cinco ptas. en el entierro y tres en el cabodaño, y si es feligrés pagará todas las tarjas atrasadas a contar desde la fecha más tres pesetas de multa para fines de la cofradía"<sup>60</sup>.***

***"De alquiler de cera 50 ptas.."<sup>61</sup>.***

---

<sup>56</sup>. Ibidem. Artículo 13.

<sup>57</sup>. Ibidem. Contas do ano 1931.

<sup>58</sup>. Ibidem. Artículo 1.

<sup>59</sup>. Ibidem. Artículo 5.

<sup>60</sup>. Ibidem. Artículo 10.

<sup>61</sup>. Ibidem. Contas do ano 1951.

Agás os veciños moi pobres, que só pagaban media cera, os demais pagaban a cera enteira, que se compoñía de doce fachas nas gradas e doce velas nos altares.

***"La cera se compondrá de 12 hachas en las gradas y doce velas en los altares cera entera, y seis hachas y seis velas media cera; las hachas serán de tres libras cada una, sin perjuicio de aumentar el peso de ellas en lo sucesivo según haya de fondos"***<sup>62</sup>.

***"Doce cirios de a kilo, a siete reales cada uno, para los entierros de los cofrades, veintiuna pesetas"***<sup>63</sup>.

Non obstante, a partir da segunda metade do século XX empezou a poñerse, tanto nos enterros como cabodanos, seis fachas.

***"... Por seis hachas para entierros y aniversarios 238..."***<sup>64</sup>.

O sancristán era o encargado de poñer a cera nos enterros e cabodanos, recibindo unha paga non só por este labor, senón tamén por outras.

***"...el sancristán será el obligado a poner la cera en los entierros y cabodaños de los cofrades..."***<sup>65</sup>

#### **\* OUTRAS CARGAS.**

1º. O alumeado do Santísimo durante todo o ano.

***".... Primeramente es data sesenta y tres pesetas del alumbrado de la lámpara...."***<sup>66</sup>.

2º. Algúns arranxos da igrexa e do cemiterio.

***"... Diez pesetas y cincuenta céntimos por el arreglo de la lámpara y un farol. Seis pesetas***

---

<sup>62</sup>. Ibidem. Artículo 6.

<sup>63</sup>. Ibidem. Contas do ano 1930.

<sup>64</sup>. Ibidem. Contas do ano 1957.

<sup>65</sup>. Ibidem. Artigo 8.

<sup>66</sup>. Ibidem. Contas do ano 1921.

*por el arreglo de la puerta del cementerio y su cerradura*"<sup>67</sup>.

A confraría, desde que se constituíu o novo Regulamento, sempre tivo beneficios agás os anos 82-84 deste século.

Estes beneficios ficaban en poder do párroco, e algúns anos, cando había bastante remanente, tamén ficaban en poder da administración diocesana de depósitos parroquiais.

*".... Rendidas las cuentas en la forma que antecede resulta una diferencia de setecientas treinta y seis ptas, con 65 cts., a favor de la Cofradía, de cuya cantidad remanente, 600 ptas están en Mondoñedo en la Administración Diocesana de Depósitos parroquiales y 136 ptas., con 65 cts, se hallan en mi poder....."*<sup>68</sup>.

*"Cuentas de la Cofradía del Santísimo desde enero al 31 de diciembre de 1959.*

#### INGRESOS PTAS

*Ochocientas cuarenta y nueve ptas con 70 cts.*

*es lo remanente de la cuenta anterior..... 849,70*

*Cobrado de cuotas en el año actual..... 434*

*De limosnas..... 69*

*Donativo por razón de las cuentas en mi poder..125*

*De alquiler de cera.....90*

*Suman los ingresos..... 1567,70*

#### GASTOS

*Por catorce litros de aceite para la lámpara..... 300*

*De dos kilos de cera en velas..... 106*

*De la función del Corpus..... 150*

*Por bujías para el alumbrado eléctrico..... 61*

*Al Padre por razón de los 9 primeros viernes de mes*

---

<sup>67</sup>. Ibidem. Contas do ano 1922.

<sup>68</sup>. Ibidem. Contas do ano 1957.

*al S.C. de Jesús..... 50*

*Suman los gastos..... 664*

*Rendidas las cuentas en la forma que antecede resulta una diferencia de novecientas ptas, con 70 cts, a favor de la Cofradía, de cuya cantidad remanente 600 ptas, están en la Administración Diocesana de Depósitos parroquiales, y 300 ptas, con 70 cts, se hallan en mi poder.*

*Para que conste lo firmo a 31 de diciembre de 1959.....* <sup>69</sup>.

A partir do ano 1982 a confraría empezou a ter déficit, debido entre outras razóns a que se produxera un desaxuste entre as cotas dos confrades e o nivel de vida existente, o que motivou que a asociación fose desaparecendo dunha maneira oficial.

*"..... Rendidas las cuentas en la forma precedente resulta una diferencia déficit de 6031 ptas., cuyo déficit de seis mil treinta y una pesetas cede el infraescrito a favor de la Cofradía...."* <sup>70</sup>.

---

<sup>69</sup>.Ibidem. Contas do ano 1959. Ver Anexo.

<sup>70</sup>. Ibidem. Contas dos anos 82-84.